

Acta da sesión ordinaria do **Comité Ambiental** celebrada o día **28 de febreiro de 2023** a través de Teams, coa asistencia dos seguintes membros:

Adela Ortiz Doldán, Ainara Mailan Méndez, Alicia Gloria Risso Mígues, Blanca Laffon Lage, Celia López Vicario, Cristina de Oliveira, Cristina Pardo Carabias, Eva María Espiñeira Bellón, Fernando Moreno Espinosa, Juan Carlos Rivadulla López, Laura González Vázquez, Lucía Vázquez Ben, M^a Olga Osorio Márquez, Marta Meléndez García, Noelia López Ferreira, Nuria Rebollo Quintela, Óscar González Iglesias, Pedro José Vega Marcote, Roberto Suárez Brandariz, Valeria Martínez Zambrano, Yael Moure Martínez, Yolanda Golías Pérez.

Desculpan a súa asistencia o Sr. Decano Manuel Peralbo Uzquiano e a profesora Ánxela María Bugallo Rodríguez.

Comeza a sesión ás 18:00h, e toma a palabra o Vicedecano de TFG, Estudiantes e PAT Juan Rivadulla López para informar das ausencias e pasar seguidamente á **Orde do día:**

1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior (18/10/2022).

Como a acta fora posta a disposición dos e das presentes a través do correo electrónico e ninguén presenta suxestións, apróbase esta por asentimento. A profesora Alicia Risso solicita que en adiante se faciliten a través dunha carpeta compartida en lugar de por correo. Finalmente acórdase colgalas directamente na páxina web, procedéndose á súa actualización de ser preciso algún cambio.

2. Informe das actividades levadas a cabo na Facultade de Ciencias da Educación no 1º cuatrimestre do curso 2022/2023.

O profesor Pedro Vega Marcote, como presidente do Comité Ambiental, despois de dar a benvida aos presentes á reunión e agradecer a súa asistencia, comeza anunciando e celebrando a concesión da segunda bandeira verde para a Facultade de Ciencias da Educación. A este respecto, resalta o alto grao de atención e consideración que están a ter desde Green Campus e Vicerreitoría da actividade levada a cabo polo noso Comité Ambiental.

Así mesmo, celebra a incorporación voluntaria de boa parte do alumnado da materia de “Didáctica da educación ambiental e para a sustentabilidade”, do Grao de Educación Infantil, razón pola cal hoxe preside a retransmisión desde a aula. Xustamente, este era un dos puntos principais da reunión: procurar a incorporación de máis alumnado ao Comité.

Aproveita tamén para saudar á bolseira, Laura González Vázquez, e felicitala polo bo labor que está a desempeñar.

Seguidamente, informa sobre a reunión levada a cabo coa responsable de Green Campus a nivel nacional, na que ademais de presentar e analizar as accións realizadas ata o de agora, se propuxeron novas medidas a adoptar, tanto a nivel de universidade como das facultades (segundo corresponda). Concretamente, valorouse moi positivamente a ambientalización curricular acometida na Facultade de Ciencias da Educación, así como a súa mellora significativa na pegada ecolóxica e na clasificación de residuos.

Entre as actividades realizadas no 1º cuadrimestre, menciona: (1) a revisión e nova colocación das pegatinas de redución de auga e/ou luz, e promoción do uso das escaleiras, tarefa acometida pola bolseira; (2) a propia elaboración do informe para manter e solicitar unha nova Bandeira Verde; ou (3) a xa realización dunha das charlas de Nutrición, iniciativa incluída na liña de traballo de *Sáude e Sostibilidade* do Comité, liderada polo profesor Juan Carlos Rivadulla.

A respecto desta charla (realizada en modalidade híbrida), toma a palabra brevemente o profesor Juan Carlos Rivadulla para comentar que asistiron entre 20 e 30 alumnos/as, o que en termos numéricos semella pouco significativo, considerando a grande cantidade de alumnado matriculado na nosa facultade, pero que mostraron un grande interese no contido (etiquetaxe nutricional).

3. Proposta de actuacións para o 2º cuadrimestre do curso 2022/2023.

Continúa a súa intervención o profesor Pedro Vega Marcote. En relación ás actividades a realizar no segundo cuadrimestre, faise unha breve relación das actividades que van ter lugar no mes de marzo, en relación co Marzo Ambiental (programa aínda por pechar):

- Nova charla de Nutrición, desta vez sobre nutrición saudable e sostible, e que incluírá exposición e conferencia
- Palestra sobre a circularidade na moda téxtil, grazas a un contacto da bolseira
- (Nova) Auditoría de enerxía e auga da facultade a cargo de Manuel Soto, director da Oficina de Medio Ambiente (OMA) da UDC
- Taller de selección de residuos e reciclaxe

Igualmente, o Comité Ambiental dará o seu apoio nas actividades en materia de Igualdade e Sostibilidade propostas polo grupo de Igualdade de Xénero da facultade, liderado pola profesora Mar Rodríguez Romero.

O profesor Juan Carlos Rivadulla recorda tamén a *Formación para integrar a nivel curricular situacións de aprendizaxe sobre a Rede Natura 2000 mariña*, a cargo da

Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, que se realizará na facultade en modalidade presencial martes 21 de marzo e en modalidade online o mércores 22.

Antes de pasar á quenda aberta de intervencións, o profesor Pedro Vega recorda, anima e agradece de antemán a suxestión de novas propostas para implementar na facultade.

4. Quenda aberta de intervencións

A profesora Cristina Pardo Carabias solicita a palabra para pedir que nas auditorías de auga se revise no edificio Anexo, onde están os despachos, as billas dos baños, e aproveitar a predisposición dos novos conserxes para facer os cambios que sexan oportunos (rebaixa do caudal) e así reducir o seu consumo. A este respecto, a bolseira, Laura González, informa de que na reunión da OMA xa se contemplou traer perlizadores para aforrar, que se instalarán na medida en que se comprobe o gasto actual.

Seguidamente intervén a profesora Alicia Riso para, primeiro, felicitar ao Comité polo traballo feito, e máis aos estudantes que recén se incorporan nesta reunión, e celebrar a reinstalación das pegatinas para a promoción do uso das escaleiras. Neste sentido, volve insistir na instalación de carteis tamén nos ascensores, con mensaxes que inviten a non empregalos, dadas as enormes colas que se acostuman formar e que, ás veces, se empregan tan só para baixar un único piso.

Por último, retoma a palabra o profesor Pedro Vega para informar de que a aula externa solicitada segue en proxecto, pero que probablemente (cando menos) ata o próximo curso non estea dispoñible.

Aproveita tamén a presenza dos Vicedecanos Juan Carlos Rivadulla e Roberto Suárez Brandariz para consultar a posibilidade/conveniencia de realizar algún tipo de acto pola consecución desa segunda Bandeira Verde. Acéptase a proposta, pero descártase a idea de colocar esta segunda bandeira por falta de espazo, para deixar así marxe para outras iniciativas. Alicia Riso propón colocala por un par de semanas para chamar a atención sobre o acontecemento e gardala posteriormente.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 18.45h.

P.D. Nun momento posterior á reunión, e a raíz da petición de Alicia Riso de poñer carteis nos ascensores, as profesoras Lucía Vázquez Ben e Ánxela Bugallo propoñen ao profesor Pedro Vega, como presidente do Comité Ambiental, organizar un concurso de carteis na propia facultade, e colocar o gañador.

A Coruña, 28 de febreiro de 2023,

Lucía Vázquez Ben
Secretaria do Comité Ambiental